

Retallos de mundo: Covas de Batu, Malaisia

19 de febreiro 2023 [Xesús Constela](#)

https://www.pontevedraviva.com/gl/cultura/retallos-de-mundo-covas-de-batu-malaisia_342629_102/3902178.html

En medio dunha chaira, a apenas trece quilómetros de **Kuala Lumpur, a capital de Malaisia**, érguese un impresionante outeiro calcario chamado Batu, que acolle no seu interior unha serie de covas que teñen catrocentos millóns de anos de antigüidade, e sábese que foron habitadas en diversos períodos por diferentes tribos que se asentaron nelas para convertelas nos seus fogares.

Ao longo do século XIX, en plena época colonial británica, as comunidades de chineses que foron instalándose na zona accedían periodicamente ao seu interior para a **recolección do guano** producido polas importantes colonias de morcegos que aínda viven alí na actualidade, para despois empregalo como fertilizante dos seus cultivos, pero **non foi até o ano 1878 cando o resto do mundo soubo da súa existencia** grazas aos traballos do naturalista norteamericano William Temple Hornaday, tristemente famoso cando era o director do zoolóxico neiorquino do Bronx, por exhibir na casa dos monos a un pigmeo congolés chamado Ota Benga.

Mais o gran momento para as covas de Batu, a orixe do que son e representan a día de hoxe, habería de chegar en 1890, cando o **comerciante indio K. Thambusamy Pillai**, afincado en Malaisia e impulsor da construción do grandioso templo de **Sri Maha Mariamman de Kuala Lumpur**, foi visitar o lugar e ficou cativado pola forma que tiña a entrada da cova máis alta, que lle lembrou á xavelina divina do deus Murugam, un dos máis importantes do hinduísmo támil, relixión que profesaba.

O abraio do comerciante, ou a súa devoción, se se prefire, foi tal, que decidiu sufragar o levantamento dunha gran estatua da divindade no lugar, que non tardaría en se converter en punto de atracción de milleiros de peregrinos procedentes de case todo o país, o que levou á construción dunha longuíssima escalinata de madeira dende a base do outeiro até a entrada da cova no ano 1920, mais as condicións climáticas da zona, con choivas moi persistentes na época de monzón, acabaron por apodrentalas de tal xeito que tiveron que ser substituídas por outras de formigón nunha obra que se delongou varios anos, o que dá unha idea da lonxitude da subida á que na actualidade se coñece como **Cova do Templo**, nada máis e nada menos que douscentos setenta e dous chanzos que fan dubidar a quen a visita se paga a pena subilos ou non.

Pois abofé que esa subida, malia que me fixo acabar completamente enchoupado en suor dadas as altas temperaturas nun país cunha media anual de **trinta e un graos**, resultou unha experiencia realmente gratificante.

Cando cheguei ao pé do **enorme outeiro de Batu**, o primeiro que chamou a miña atención foi a presenza de ducias e máis ducias de aloucados macacos ao axexo dos visitantes, que normalmente son centos, para veren de conseguir algo de comida, polo que axiña comprendín que tiña que estar moi pendente das cousas que levaba comigo para lles evitar a tentación de roubarmas.

Comecei a miña visita ao lugar pola coñecida como **Cova do Ramayana** que, iluminada con lámpadas de cores coma se dunha verbena se tratase, está chea de psicodélicos conxuntos de coloridas e exóticas estatuas de moitos tamaños que representan diferentes episodios das aventuras do príncipe Rama e doutros personaxes da gran epopea da India, como o xigante Kumbhakarna, que sempre tiña un enorme apetito e despois das súas enchentes quedaba durmido ao longo de varios meses para acabar sendo espertado por demos e outras criaturas mitolóxicas que lle berraban nos ouvidos mentres o golpeaban con grandes bastóns.

Para un amante da literatura fantástica coma min, esta cova, malia que debo recoñecer ten un **aquel bastante kitsch**, representou unha auténtica diversión que me levou a deambular sen présa ningunha entre unha multitude de seres que descoñecía montados en elefantes, aves, cabalos ou macacos, de personaxes de unha, dúas, tres, e mesmo dez bigotudas cabezas sentados á beira doutros con corpos humanos pero extravagantes extremidades de animais, de deuses malos e de deuses bos a compartir espazo con demos de toda caste e condición... un auténtico agasallo para a miña imaxinación.

Mais a gran sorpresa que me tiña reservada a **Cova do Ramayana** chegou cando por fin visitei a parte máis afastada da entrada, onde hai un santuario consagrado á veneración dunha **enorme estalagmita con forma fálica** que representa **olingam ou pene de Shiva**, o deus encargado de destruír o universo para logo renovallo.

Á saída da cova, camiñei devagar entre monos cara á xigantesca estatua dourada do **deus Murugam**, visíbel dende moitos quilómetros de distancia porque ten a vertixinosa altura de case corenta e tres metros e preside o comezo da gran escalinata de chanzos de vistosas cores que conduce á **Cova do Templo**, a máis importante de Batu por ser o punto onde todo naceu.

O complexo está dedicado ao deus Murugam, encargado de destruír o mal, e a gran cova que custodia, cunha **bóveda aberta ao ceo** que se ergue a máis de cen metros de altura, consta de dous espazos separados por un novo tramo de escaleiras.

O primeiro nivel ten un pequeno templo onde botei un bo anaco a observar a ducias de entregados fieis a desenvolver diferentes rituais que, por descoñecidos, tiveron o poder de espertar a miña curiosidade, e o segundo acolle un santuario dedicado a **Valli Devanai, esposa do deus Murugam**, que é o punto de destino dos milleiros de peregrinos que acoden ao lugar ao longo do ano, aínda que polo visto a meirande afluencia se rexistra no momento en que se celebra a festividade de **Thaipusam**, unha estridente e sublime mostra de devoción hinduísta na que participa unha auténtica multitude de xente.

Ten lugar entre xaneiro e febreiro e consiste nunha multitudinaria procesión presidida por unha gran carroza de prata do deus Murugam que avanza en medio de peregrinos que levan cadanseus xerros de leite de distintos tamaños a modo de ofrenda. Algúns cargan con eles en equilibrio

sobre as súas cabezas e outros, os máis devotos, lévanos subidos a carros que arrastran mediante **correas suxeitas con ganchos cravados nos seus peitos ou nos seus lombos** e disque non senten ningún tipo de dor porque avanza en estado de transe, sen que eu saiba se por obra das divindades ou logo de consumir algún tipo de substancia.

Cando a procesión chega ao seu punto final e alcanza o comezo dos douscentos setenta e dous chanzos que suben á Cova do Templo, un grupo de sacerdotes se encarga de liberar aos fieis que arrastraron os carros das súas pesadas cargas e de aplicarlles un ungüento elaborado con aceites e cinzas sobre as tremendas feridas producidas polos ganchos e a forza desenvolvida, e mentres ascenden pola **empinada escalinata van despertando do seu estado de transe**, de tal xeito que cando por fin arriban ao santuario de Valli Devanai están sumidos nunha dor intensa que contribúe a acrecentar o seu fervor relixioso.

Non fun testemuña desta curiosa **festividade de *Thaipusam***, pero abandonei o recinto das Covas de Batu sen poder quitalla da cabeza mentres camiñaba entre macacos a esculcar os meus movementos para ver se encontraban o momento de roubarme algo do que levaba na mochila. Non o conseguiron.